

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XOB12I27P	XOB/294/2018	16-05-18 13:26

EXPEDIENTE: **PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A "EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE ROZA, LIMPEZA E MANTEMENTO DE MARXES E DRENAXES DE VIARIOS, CARREIROS FLUVIAIS E PARCELAS MUNICIPAIS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-CAMPAÑA COMPLEMENTARIA 2018" (XOB/294/2018**

ASUNTO: **ADXUDICACIÓN CON PLURALIDAD DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AUTOMÁTICA**

TIPO DE CONTRATO: **SERVIZOS**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **SIMPLIFICADO**

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AUTOMÁTICA

Medios persoais (ata 20 puntos)

Presentarase compromiso formal nominal de adscrición e a documentación acreditativa do equipo humano e dos seus requisitos mínimos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas Particulares. No caso de non presentar dita documentación, valorarase o presente apartado con 0 puntos.

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

1. Responsable de Conservación e Mantemento (ata 9 puntos)

- Titulación universitaria ou experiencia profesional acorde co obxecto do contrato
 - Titulación universitaria de grado superior ou equivalente: 3 puntos.
 - Titulación universitaria de grado medio ou equivalente: 2 puntos.
 - Experiencia profesional acreditada: 1 punto.
- Formación xefe COEX: 3 puntos.
- Experiencia superior a 4 anos en contratos da mesma natureza: 3 puntos.

2. Encargado xeral de obras (ata 8 puntos)

- Formación encargado COEX: 3 puntos.
- Experiencia acumulada en contratos da mesma natureza (ata 5 puntos)
 - Inferior a 5 anos: 0 puntos.
 - Superior a 5 anos e inferior a 6 anos: 2 puntos.
 - Por cada ano completo a partir do 5º ano: 0,2 puntos ata o máximo total previsto de 5 puntos (20 anos).

3. Técnico en prevención de riscos laborais e responsable de seguridade e saúde do contrato (ata 3 puntos)

- Formación técnico ou xefe COEX: 3 puntos.

Proposición económica ofertada (ata 80 puntos)

Calcularase para cada licitador a súa oferta económica (OE_i) expresada en porcentaxe de acordo coa seguinte fórmula:

$$OE_i = 100 - BO_i$$

Sendo:

OE_i = oferta económica ofertada polo licitador expresada en porcentaxe.

BO_i = porcentaxe de baixa ofertado polo licitador.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "oferta económica máis baixa". Obtido o orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 80 puntos á oferta económica máis baixa (OE_{\min}) e aplicarase ao resto das ofertas económicas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

Dependencia XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
Documento	Expediente	Fecha
XOB12I27P	XOB/294/2018	16-05-18 13:26

$$P_i = P_{\max} \cdot \frac{OE_{\min}}{OE_i}$$

Sendo:

P_i = puntuación da oferta económica do licitador.

P_{\max} = puntuación económica máxima posible (80 puntos).

OE_{\min} = oferta económica mais baixa das avaliadas expresada en porcentaxe.

OE_i = oferta económica a puntuar expresada en porcentaxe.

- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Consideraranse presuntamente anormais ou desproporcionadas as ofertas cuxa baixa supere á baixa media mais dez (10).

Se $BO_i > BM + 10 \Rightarrow OE_i$ é anormal ou desproporcionada

Sendo:

BM = baixa media das ofertas.

BO_i = baixa da oferta.

OE_i = oferta económica.

A baixa media (BM) calcularase coa seguinte fórmula:

$$BM = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} BO_i}{n}$$

Sendo:

BM = baixa media das ofertas.

BO_i = baixa de cada unha das ofertas.

n = número de licitadores non excluídos despois da apertura das ofertas económicas.

- Resolución e extinción do contrato

Ademais das que legalmente corresponda, será causa de extinción anticipada do contrato respecto do seu prazo de execución a disposición total do orzamento consignado para a execución das actuacións definidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares.


- Modelo de proposición económica

A proposición económica establecerá o compromiso dos licitadores de executar o contrato ata o gasto máximo total correspondente ao orzamento de licitación, aplicando o porcentaxe de baixa sobre o Cadro de prezos unitario incorporado ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares ofertado por cada licitador.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana




Concelleiro Delgado de de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal